

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

SAGRACO CORAZÓN DE XESÚS (RIBADEO)

ETAPA: ESO

DATA: 10/05/2020



Colexio
Sagrado Corazón
de Jesús RIBADEO - LUGO



Segundo as Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia e o Decreto 86/2015.

ÍNDICE

Todas as materias teñen os mesmos apartados:

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

A orde das materias é a seguinte:

Bioloxía e Xeoloxía	4
Cultura Clásica	12
Economía	15
Educación Financeira	19
Educación Plástica e visual	27
Educación física	29
Física e Química	39
Francés	46
Iniciación á actividade emprendedora e empresarial	55



Inglés	61
Latín	72
Lingua e Literatura Castelá	76
Lingua e Literatura Galega	85
Matemáticas	100
Matemáticas Académicas	110
Matemáticas Aplicadas	113
Música	121
Oratoria	131
Tecnoloxía	134
Tecnoloxías da información e comunicación	144
Xeografía e Historia	148



Bioloxía e Xeoloxía (1º, 3º, 4ºESO)

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
1ºESO	
B5.1. Planear, aplicar e integrar as destrezas e as habilidades propias do traballo científico.	BXB5.1.1. Integra e aplica as destrezas propias do método científico.
B5.3. Utilizar fontes de información variada, e discriminar e decidir sobre elas e sobre os métodos empregados para a súa obtención.	BXB5.3.1. Utiliza diferentes fontes de información, apoiándose nas TIC, para a elaboración e a presentación das súas investigacións.
B5.4. Participar, valorar e respectar o traballo individual e en equipo	BXB5.4.1. Participa, alora e respecta o traballo individual e en grupo.
B1.3. Realizar un traballo experimental coa axuda dun guión de prácticas de laboratorio ou de campo, describir a súa execución e interpretar os seus resultados.	BXB1.3.1. Coñece e respecta as normas de seguridade no laboratorio, e cuida dos instrumentos e o material empregado.
B2.2. Expor a organización do Universo e do Sistema Solar, así como algunhas das concepcións que sobre este sistema planetario se tiveron ao longo da historia.	BXB2.2.1. Recoñece os compoñentes do Universo e do Sistema Solar, e describe as súas características xerais.
B2.3. Relacionar comparativamente a posición dun planeta no sistema solar coas súas características.	BXB2.3.1. Precisa as características que se dan no planeta Terra que permiten o desenvolvemento da vida nel, e que non se dan nos outros planetas.
B2.4. Localizar a posición da Terra no Sistema Solar.	BXB2.4.1. Identifica a posición da Terra no Sistema Solar.
B2.5. Establecer os movementos da Terra, da Lúa e do Sol, e relacionalos coa existencia do día e a noite, as estacións, as mareas e as eclipses.	BXB2.5.1. Categoriza os fenómenos principais relacionados co movemento e a posición dos astros, e deduce a súa importancia para a vida.
B2.6. Identificar os materiais terrestres segundo a súa abundancia e a distribución nas grandes capas da Terra.	BXB2.6.1. Describe as características xerais da codia, o manto e o núcleo terrestre, e os materiais que os compoñen, e relaciona esas características coa súa situación.
B2.7. Recoñecer as propiedades e as características dos minerais e das rochas, distinguir as súas aplicacións máis frecuentes e salienta a súa importancia económica e a xestión sustentable.	BXB2.7.1. Identifica minerais e rochas utilizando criterios que permitan diferenciais.
B2.8. Analizar as características e a composición da atmosfera, e as propiedades do aire.	BXB2.8.1. Recoñece a estrutura e a composición da atmosfera. BXB2.8.2. Recoñece a composición do aire e identifica os contaminantes principais en relación coa súa orixe.
B2.10. Recoñecer a importancia do papel protector da atmosfera para os seres vivos e considerar as repercusións da actividade humana nela.	BXB2.10.1. Relaciona situacións en que a actividade humana interfere coa acción protectora da atmosfera.
Pendientes	
B2.12. Interpretar a distribución da auga na Terra, así como o ciclo da auga e o uso que fai dela o ser humano.	BXB2.12.1. Describe o ciclo da auga en relación cos seus cambios de estado de agregación.
B3.3. Describir as características xerais dos grandes grupos taxonómicos e explicar a súa importancia no conxunto dos seres vivos.	BXB3.3.1. Discrimina as características xerais e singulares de cada grupo taxonómico.
B3.5. Coñecer e definir as funcións vitais das plantas e a súa importancia para a vida e caracterizar os principais grupos de plantas.	BXB3.5.1. Detalla o proceso de nutrición autótrofa e relaciónao coa súa importancia para o consumo de todos os seres vivos.
B4.1. Diferenciar os compoñentes dun ecosistema	BXB4.1.1. Identifica os compoñentes dun ecosistema.



3º ESO

B1.2. Procurar, seleccionar e interpretar a información de carácter científico e utilizala para formar unha opinión propia, expresarse con precisión e argumentar sobre problemas relacionados co medio natural e a saúde.	BXB1.2.2. Transmite a información seleccionada de xeito preciso utilizando diversos soportes
B2.1. Recoñecer que os seres vivos están constituídos por células e determinar as características que os diferencian da materia inerte	BXB2.1.2. Establece comparativamente as analogías e as diferenzas entre célula procariota e eucariota, e entre célula animal e vexetal.
B2.2. Describir as funcións comúns a todos os seres vivos, diferenciando entre nutrición autótrofa e heterótrofa.	BXB2.2.1. Recoñece e diferencia a importancia de cada función para o mantemento da vida.
B3.1. Catalogar os niveis de organización da materia viva (células, tecidos, órganos e aparellos ou sistemas) e diferenciar as principais estruturas celulares e as súas funcións.	BXB3.1.2. Diferencia os tipos celulares e describe a función dos orgánulos máis importantes
B3.4. Clasificar as doenzas e determinar as infecciosas e non infecciosas máis comúns que afectan a poboación (causas, prevención e tratamentos).	BXB3.4.2. Distingue e explica os mecanismos de transmisión das doenzas infecciosas.
B3.5. Valorar e identificar hábitos e estilos de vida saudables como método de prevención das doenzas	BXB3.5.1. Coñece e describe hábitos de vida saudable e identifícaos como medio de promoción da súa saúde e da das demais persoas
B3.7. Determinar o funcionamento básico do sistema inmune e as continuas contribucións das ciencias biomédicas, e describir a importancia do uso responsable dos medicamentos	BXB3.7.1. Explica en que consiste o proceso de inmunidade, e valora o papel das vacinas como método de prevención das doenzas
B3.11. Recoñecer a diferenza entre alimentación e nutrición, e diferenciar os principais nutrientes e as súas funcións básicas.	BXB3.11.1. Discrimina o proceso de nutrición do da alimentación.
B3.13. Argumentar a importancia dunha boa alimentación e do exercicio físico na saúde, e identificar as doenzas e os trastornos principais da conduta alimentaria.	BXB3.13.1. Valora e determina unha dieta equilibrada para unha vida saudable e identifica os principais trastornos da conduta alimentaria
B3.15. Asociar a fase do proceso de nutrición que realiza cada aparello implicado.	BXB3.15.1. Recoñece a función de cada aparello e de cada sistema nas funcións de nutrición.
B3.16. Identificar os compoñentes dos aparellos dixestivo, circulatorio, respiratorio e excretor, e coñecer o seu funcionamento.	BXB3.16.1. Coñece e explica os compoñentes dos aparellos dixestivo, circulatorio, respiratorio e excretor, e o seu funcionamento
B3.25. Referir os aspectos básicos do aparello reprodutor, diferenciar entre sexualidade e reprodución, e interpretar debuxos e esquemas do aparello reprodutor.	BXB3.25.1. Identifica en esquemas os órganos do aparello reprodutor masculino e feminino, e especifica a súa función
B3.26. Recoñecer os aspectos básicos da reprodución humana e describir os acontecementos fundamentais da fecundación, do embarazo e do parto	BXB3.26.2. Identifica os acontecementos fundamentais da fecundación, do embarazo e do parto
B3.27. Comparar os métodos anticonceptivos, clasificalos segundo a súa eficacia e recoñecer a importancia dalgunos deles na prevención de doenzas de transmisión sexual	BXB3.27.1. Discrimina os métodos de anticoncepción humana.
Non presencial	
B3.18. Describir os procesos implicados na función de relación, e os sistemas e aparellos implicados, e recoñecer e diferenciar os órganos dos sentidos e os coidados do oído e a vista.	BXB3.18.2. Describe os procesos implicados na función de relación, e identifica o órgano ou a estrutura responsables de cada proceso
B4.2. Relacionar os procesos xeolóxicos externos coa enerxía que os activa e diferencialos dos procesos internos	BXB4.2.2. Diferencia os procesos de meteorización, erosión, transporte e sedimentación, e os seus efectos no relevo.
B4.8. Indagar e identificar os factores que condicionan a modelaxe da paisaxe nas zonas próximas ao alumnado.	BXB4.8.1. Investiga acerca da paisaxe do seu contorno máis próximo e identifica algúns dos factores que condicionaron a súa modelaxe



B4.9. Recoñecer e identificar a actividade xeolóxica dos seres vivos e valorar a importancia da especie humana como axente xeolóxico externo.	BXB4.9.2. Valora e describe a importancia das actividades humanas na transformación da superficie terrestre.
B4.10. Diferenciar os cambios na superficie terrestre xerados pola enerxía do interior terrestre dos de orixe externa	BXB4.10.1. Diferencia un proceso xeolóxico externo dun interno e identifica os seus efectos no relevo
4ºESO	
B1.1. Determinar as analogías e as diferenzas na estrutura das células procariotas e eucariotas, e interpretar as relacións evolutivas entre elas	BXB1.1.1. Compara a célula procariota e a eucariota, a animal e a vexetal, e recoñece a función dos orgánulos celulares e a relación entre morfoloxía e función.
B1.2. Identificar o núcleo celular e a súa organización segundo as fases do ciclo celular, a través da observación directa ou indirecta	BXB1.2.1. Distingue os compoñentes do núcleo e a súa función segundo as etapas do ciclo celular
B1.4. Formular e identificar os principais procesos que teñen lugar na mitose e na meiose, e revisar o seu significado e a súa importancia biolóxica	BXB1.4.1. Recoñece as fases da mitose
B1.5. Comparar os tipos e a composición dos ácidos nucleicos, e relacionalos coa súa función.	BXB1.5.1. Distingue os ácidos nucleicos e enumera os seus compoñentes
B1.9. Formular os principios da xenética mendeliana, aplicando as leis da herdanza na resolución de problemas sinxelos, e recoñecer a base cromosómica das leis de Mendel.	BXB1.9.1. Recoñece os principios básicos da xenética mendeliana e resolve problemas prácticos de cruzamentos con un ou dous caracteres
B1.10. Diferenciar a herdanza do sexo e a ligada ao sexo, e establecer a relación entre elas.	BXB1.10.1. Resolve problemas prácticos sobre a herdanza do sexo e a ligada ao sexo
B1.13. Comprender e describir o proceso da clonación.	BXB1.13.1. Describe as técnicas de clonación animal, distinguindo clonación terapéutica e reprodutiva
B1.16. Coñecer e describir as hipóteses sobre a orixe da vida e as probas da evolución. Comparar lamarckismo, darwinismo e neodarwinismo.	BXB1.16.1. Distingue as características diferenciadoras entre lamarckismo, darwinismo e neodarwinismo
B1.19. Describir a hominización	BXB1.19.1. Recoñece e describe as fases da hominización.
B2.3. Categorizar e integrar os procesos xeolóxicos máis importantes da historia da Terra	BXB2.3.1. Discrimina os principais acontecementos xeolóxicos, climáticos e biolóxicos que tiveron lugar ao longo da historia da Terra, e recoñece algúns animais e plantas característicos de cada era.
B4.1. Planear, aplicar, e integrar as destrezas e as habilidades propias do traballo científico	BXB4.1.1. Integra e aplica as destrezas propias dos métodos da ciencia
Non presencial	
B2.9. Interpretar algúns fenómenos xeolóxicos asociados ao movemento da litosfera e relacionalos coa súa situación en mapas terrestres. Comprender os fenómenos naturais producidos nos contactos das placas	BXB2.9.1. Coñece e explica razoadamente os movementos relativos das placas litosféricas BXB2.9.2. Interpreta as consecuencias dos movementos das placas no relevo
B3.1. Explicar os conceptos de ecosistema, biótopo, poboación, comunidade, ecotón, hábitat e nicho ecolóxico.	BXB3.1.1. Identifica o concepto de ecosistema e distingue os seus compoñentes
B3.5. Explicar os conceptos de cadeas e redes tróficas.	BXB3.5.1. Recoñece os niveis tróficos e as súas relacións nos ecosistemas, e valora a súa importancia para a vida en xeral e o mantemento destas.
B3.8. Contrastar algunhas actuacións humanas sobre diferentes ecosistemas, valorar a súa influencia e argumentar as razóns de certas actuacións individuais e colectivas para evitar a súa deterioración.	BXB3.8.1. Argumenta sobre as actuacións humanas que teñen unha influencia negativa sobre os ecosistemas: contaminación, desertización, esgotamento de recursos, etc.
B3.10. Contrastar argumentos a favor da recollida selectiva de residuos e a súa repercusión a nivel familiar e social	BXB3.10.1. Argumenta os proles e os contras da reciclaxe e da reutilización de recursos materiais.
B3.11. Asociar a importancia da utilización de enerxías renovables no desenvolv.sustentable.	BXB3.11.1. Destaca a importancia das enerxías renovables para o desenvolvemento sustentable do planeta



1º ESO

Avaliación e cualificación

Avaliación	Procedementos: Revisión de traballos e actividades relacionados cos estándares de aprendizaxe traballados, na aula, durante a 1ª e 2ª avaliación.
	Instrumentos: Caderno do profesor e rúbricas.
Cualificación final	Media da primeira e da segunda avaliación sumándolle a esta un valor asignado á nota acadada na terceira avaliación. Ditos valores son: 0 (insuficiente), 0.25 (suficiente), 0.5 (ben), 0.75 (notable) e 1 (sobresaínte).
Proba extraordinaria de setembro	70% da proba presencial + 30% traballo. Senón se pode realizar unha proba presencial: 100% traballo.
Alumnado de materia pendente	Criterios de avaliación: Aqueles criterios de avaliación mínimos, xa reflexados ao inicio deste documento, que o alumando non superase, e que serán tratados coas distintas actividades e traballos propostos que o alumnado debe entregar.
	Criterios de cualificación: Entrega obrigatoria de traballos. No caso de facer unha proba esta contará o 30% fronte o 70% dos traballos entregados.
	Procedementos e instrumentos de avaliación: Batería de actividades específicas para cada estándar de aprendizaxe que será avaliada por medio de rúbricas.



Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades

Sen actividades de ampliación.

Propóñense actividades de repaso, dos estándares de aprendizaxe xa avaliados con anterioridade ao período de confinamento, para todo o alumnado; facendo uso de actividades de reforzo en caso de precisalas. As actividades consistirán na realización de breves cuestionarios, en múltiples formatos : resposta directa, razoamentos, escolla múltiple ou verdadeiro e falso; análise de fenómenos cotiás e resolución de problemas. Atendendo ao calendario escolar do curso 2019/2020, serán 7 as actividades propostas: “A presión atmosférica”, “Tipos de rochas”, “Densidade e estrutura e composición da Terra”, “A Vía Láctea e as medidas no Universo”, “Os compoñentes do Sistema Solar”, “O día e a noite. A eclipse lunar e solar” e “Factores que posibilitan a vida a Terra”. Dita programación de actividades é susceptible de modificación atendendo ás dificultades que poidan xurdir entre o alumnado.

O alumnado con estándares de aprendizaxe non superados deberán realizar actividades específicas para cada un dos estándares en cuestión que se lles presentarán mediante unha batería de cuestións que deberán realizar.

Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)

Todo o alumnado con conectividade e portátil de uso persoal.

Todas as semanas realizarase unha **videochamada**, en grupos de 11-10 alumnos, no horario establecido polo centro. Nela **reforzaremos os contidos traballados na aula, resolveremos dúbidas e plantexaremos a nova actividade que deben realizar.**

A actividade está dispoñible na **plataforma Edixgal**, á que todos teñen acceso, xunto co material empregado na videochamada ou información anexa necesaria.

Establécese sempre a mesma mecánica para o **prazo de entrega** de todas as actividades a través dun enlace dispoñible na plataforma Edixgal. O prazo máximo de entrega establecido sempre será o luns seguinte á videochamada. Se por cuestións imprevistas, a videochamada non pode realizarse, faremos uso da plataforma Edixgal para facilitarlle ao alumnado as explicacións ou apoios necesarios para realizar a nova actividade proposta.



Materiais e recursos	<p>Libro dixital, dispoñible en Edixgal.</p> <p>Variedade de recursos elaborados polo profesor (ex.: presentacións Power Point) ou enlaces a páxinas de interese, dispoñibles tamén en Edixgal.</p> <p>Plataforma Educamos.</p> <p>Videochamadas a través de Cisco Webex.</p>

Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<p>Alumnado: plataformas Edixgal e Educamos e, videochamadas a través de Cisco Webex.</p> <p>Familias: plataforma Educamos.</p>
Publicidade	<p>Publicación obrigatoria na páxina web do centro.</p>



3º e 4º ESO

Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Control do traballo do alumnado. No caso do alumnado con avaliacións suspensas priorizarase o traballo de recuperación das avaliacións anteriores fronte a adquisicións de novas aprendizaxes. 						
	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Asistencia as clases por videoconferencia e participación nas mesmas. • Entrega de exercicios • Traballos e pequenas investigacións • Probas presenciais ou telemáticas 						
Cualificación final	<p>Media da 1ª e 2ª avaliación +</p> <table style="width: 100%; border: none;"> <tr> <td style="text-align: center;">0 (Insuficiente na 3ª Av.)</td> <td style="text-align: center;">0,5 (Suficiente na 3ª Av.)</td> <td style="text-align: center;">0,75 (Ben na 3ª Av.)</td> </tr> <tr> <td style="text-align: center;">1 (Notable na 3ª Av.)</td> <td style="text-align: center;">1,5 (Sobresáinte na 3ª Av.)</td> <td></td> </tr> </table>	0 (Insuficiente na 3ª Av.)	0,5 (Suficiente na 3ª Av.)	0,75 (Ben na 3ª Av.)	1 (Notable na 3ª Av.)	1,5 (Sobresáinte na 3ª Av.)	
0 (Insuficiente na 3ª Av.)	0,5 (Suficiente na 3ª Av.)	0,75 (Ben na 3ª Av.)					
1 (Notable na 3ª Av.)	1,5 (Sobresáinte na 3ª Av.)						
Proba extraordinaria de setembro	70% proba presencial ou telemática + 30% Traballos						
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Entrega dos traballos encomendados polo profesor 						
	<p>Criterios de cualificación:</p> <ul style="list-style-type: none"> • É obrigatoria a presentación dos traballos. No caso de facer unha proba esta contará o 30% fronte o 70% dos traballos entregados. 						
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <p>Boletíns de exercicios, Pequenas investigacións, Proba presencial ou telemática</p>						



Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Observacións na casa de fenómenos cotiás. Pequenas investigacións. Traballos monográficos (individuais ou en equipo) Exercicios Resolución de problemas
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Dende o colexio confirmouse que a totalidade do alumnado ten algún dispositivo co que conectarse. O profesorado puxo a disposición do alumnado diversas formas de comunicación (correo electrónico, teléfono, whatsapp...) A metodoloxía habitual é a seguinte: Partimos dunha clase por videoconferencia (coa ferramenta ciscowebex) na que se explican contidos, se resolven dudas... e se comparte co alumnado o material necesario e se explica o traballo que teñen que realizar. A continuación envíase por correo electrónico (a través da plataforma Educamos) o material e as instrucións para realizar o traballo e a data de entrega.
Materiais e recursos	Material elaborado polo profesor (documentos word, power point...) Vídeos de Youtube Páxinas interactivas...

Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Alumnado: plataformas Edixgal e Educamos e videochamadas a través de Cisco Webex. Familias: plataforma Educamos.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.



Cultura Clásica (3ºESO)

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Coñecer as principais características de cada período da historia de Grecia e Roma, e saber situar nun eixo cronolóxico feitos históricos.	Distingue con precisión as etapas da historia de Grecia e Roma, nomeando e situando no tempo os principais fitos asociados a cada unha delas.
Coñecer os principais deuses da mitoloxía grecolatina.	Pode nomear coa súa denominación grega os principais deuses e heroes da mitoloxía grega, sinalando os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o seu ámbito de influencia, explicando a súa xenealoxía e establecendo as relacións entre os diferentes deuses.
Coñecer os mitos e os heroes grecolatinos, e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais.	Identifica dentro do imaxinario mítico deuses, semideuses e heroes, e explica os principais aspectos que os diferencian.
	Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, analizando a influencia da tradición clásica neste fenómeno e sinalando as principais semellanzas e diferenzas que se observan entre ambos os tratamentos, asociándoas a outros trazos culturais propios de cada época.

Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Observación do alumnado e seguimento continuo do grao de consecución dos estándares propostos no presente documento. • Rexistro do traballo continuado do alumnado <p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Realización de actividades telemáticas sobre as aprendizaxes imprescindibles contempladas no presente documento.
Cualificación final	<p>A cualificación de final de curso obterase coa media da 1ª e 2ª avaliación. Os traballos da 3ª avaliación contarán 1.5 puntos como máximo, a sumar sobre a media obtida.</p> <p>Os alumnos con algún trimestre suspenso deberán cumprimentar unha batería de preguntas. O aprobado estará no 80% das respostas correctas</p>



Proba extraordinaria de setembro	<p>A avaliación extraordinaria de setembro constará de dúas partes, baseadas no recollido no informe individualizado de cada alumno:</p> <ul style="list-style-type: none"> • A realización das actividades de recuperación propostas suporá o 40 % da nota. • Farase unha proba escrita para avaliar o alcance dos obxectivos incompletos na avaliación ordinaria, que suporá o 60 % da nota final.
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación: Ofréceselle ao alumnado coa materia pendente a posibilidade de recuperala mediante a realización dunha batería de preguntas onde se recollen os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe mínimos do curso non superado.</p>
	<p>Criterios de cualificación: Considerarase aprobado sempre que a puntuación acadada nesas baterías de preguntas sexa de un 80% ou máis.</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación: Realización e entrega dunha batería de preguntas onde se recollen os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe mínimos do curso non superado.</p>

Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> • Alumnado sen avaliacións pendentes: Actividades de repaso e ampliación das aprendizaxes imprescindibles. • Alumnado con reforzo educativo: Actividades de repaso e reforzo. • Alumnado con avaliacións previas pendentes: Actividades de recuperación e reforzo.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Tras unha enquisa previa detectouse que a totalidade do alumnado de 3º ESO ten un ordenador de traballo e acceso a unha conexión a internet.</p> <p>Metodoloxía:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Envío de actividades cada dúas semanas. • Resolución de dúbidas, seguimento e apoio da aprendizaxe por medio da plataforma online do centro e por vía telefónica.
Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none"> • Materiais propios do profesorado. • Recursos na web.



Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	A comunicación co alumnado e familias realízase a través da plataforma online do centro educativo, así como por vía telefónica.
Publicidade	Páxina web do centro educativo.



Economía (4ºESO)

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Explicar a economía como ciencia social e valorar o impacto permanente das decisións económicas na vida das persoas.	ECB1.1.1. Recoñece a escaseza de recursos e a necesidade de elixir e tomar decisións como as claves dos problemas básicos de calquera economía, e comprende que todas as eleccións supoñen renunciar a outras alternativas e que todas as decisións teñen consecuencias.
B1.2. Identificar a terminoloxía económica básica e o uso dos modelos económicos, e familiarizarse con eles.	ECB1.2.2. Diferencia entre economía positiva e economía normativa.
	ECB1.2.3. Representa e analiza graficamente o custo de oportunidade mediante a fronteira de posibilidades de produción.
B1.3. Tomar conciencia dos principios da economía para aplicar nas relacións económicas básicas cos condicionantes de recursos e as necesidades.	ECB1.3.1. Representa as relacións que se establecen entre as economías domésticas e as empresas.
B2.1. Describir os tipos de empresas e as formas xurídicas das empresas, e relacionar con cada unha coas súas esixencias de capital e as responsabilidades legais dos/das propietarios/as e xestores/as, así como as interrelacións das empresas no seu contorno inmediato.	ECB2.1.3. Distingue os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu ámbito, así como a forma de interactuar co seu contorno máis próximo e os efectos sociais e ambientais, positivos e negativos, que se observan.
B2.2. Analizar as características principais do proceso produtivo.	ECB2.2.1. Analiza os tipos de factores produtivos e as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía.
	ECB2.2.2. Identifica os sectores económicos, así como os seus retos e as súas oportunidades.
B2.3. Identificar as fontes de financiamento das empresas.	ECB2.3.1. Explica as posibilidades de financiamento das empresas e diferencia o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa.
B2.4. Determinar, para un caso sinxelo, a estrutura de ingresos e custos dunha empresa, calculando o seu beneficio	ECB2.4.2. Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda, aplicando razoamentos matemáticos, e interpreta os resultados.
B3.1. Realizar un orzamento persoal distinguindo entre os tipos de ingresos e gastos, e controlar o seu grao de cumprimento e as posibles necesidades de adaptación.	ECB3.1.1. Elabora un orzamento ou plan financeiro persoal, identificando os ingresos e os gastos integrantes, e realiza o seu seguimento.



B3.4. Recoñecer o funcionamento básico do diñeiro e diferenciar os tipos de contas bancarias e de tarxetas emitidas como medios de pagamento, e valorar a oportunidade do seu uso con garantías e responsabilidade	ECB3.4.2. Valora e comproba a necesidade de interpretar as cláusulas dos contratos bancarios para coñecer os dereitos e as obrigas que se derivan delas, así como a importancia de operar en condicións de seguridade cando se empregan procedementos telemáticos.
	ECB3.4.4. Identifica e explica as modalidades de tarxetas bancarias, así como os elementos e os procedementos que garanten a seguridade na súa operativa.
B3.5. Coñecer o concepto de seguro e a súa finalidade.	ECB3.5.1. Identifica, describe e clasifica os tipos de seguros segundo os riscos ou as situacións adversas nas etapas da vida.
B4.1. Recoñecer e analizar a procedencia das principais fontes de ingresos e gastos do Estado, e interpretar gráficos onde se amose esa distribución.	ECB4.1.1. Identifica as vías de onde proceden os ingresos do Estado, así como as principais áreas dos gastos do Estado, e comenta as súas relacións.
	ECB4.1.2. Analiza e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos ingresos e os gastos do Estado.
B4.2. Diferenciar e explicar os conceptos de débeda pública e déficit público.	ECB4.2.1. Comprende e expresa as diferenzas entre os conceptos de débeda pública e déficit público, así como a relación que se produce entre eles.
B4.3. Determinar o impacto para a sociedade da desigualdade da renda e estudar as ferramentas de redistribución da renda.	ECB4.3.1. Coñece e describe os efectos da desigualdade da renda e os instrumentos de redistribución desta.
B5.1. Diferenciar as magnitudes de tipos de xuro, inflación e desemprego, analizar as relacións entre elas e interpretar datos e gráficos vinculados con esas magnitudes.	ECB5.1.1. Describe as causas da inflación e valora as súas principais repercusións económicas e sociais.
	ECB5.1.2. Explica o funcionamento dos tipos de interese e as consecuencias da súa variación para a marcha da economía.
B5.2. Valorar opcións de políticas macroeconómicas para facer fronte ao desemprego.	ECB5.2.1. Describe as causas do desemprego e valora as súas principais repercusións económicas e sociais.
B6.1. Valorar o impacto da globalización económica, do comercio internacional e dos procesos de integración económica na calidade de vida das persoas e no ambiente.	ECB6.1.1. Valora o grao de interconexión das economías de todos os países do mundo e aplica a perspectiva global para emitir xuízos críticos.
	ECB6.1.5. Reflexiona sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional, e analiza as posibilidades dun desenvolvemento sustentable.



Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos: O alumnado recibirá semanalmente tarefas os venres e serán entregadas ó venres seguinte. As actividades son aportadas pola profesora trala explicación de cada unha delas e resolve-las dúbidas na videoconferencia.</p>
	<p>Instrumentos: Observación do traballo diario e das tarefas presentadas. Corrección das actividades individuais. Observación do comportamento, a actitude e a atención ás pautas que da a profesora. Organización do traballo diario. Puntualidade nas entregas. Participación activa nas tarefas. Actitude constructiva cara á materia. Interés e iniciativa na proposta de actividades, realización dos casos prácticos individuais, plantexamento das dúbidas. Curiosidade e ordena presentación das tarefas.</p>
Cualificación final	<p>A cualificación final virá dada pola NOTA BASE, que será a media ponderada das avaliaciós. Esta nota poderá verse incrementada en 1.5 puntos, de cumprirse os seguintes requisitos referidos ás tarefas do terceiro trimestre: + 0.5 tarefas entregadas completas en prazo. +0.5 calidade dos traballos. +0.5 actitude positiva cara á materia e atención ás pautas do profesorado.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>En setembro, sempre que sexa posible, realizarase unha proba escrita e global, que abarcará os contidos desenvolvidos durante os dous primeiros trimestres do curso. A proba puntuarase sobre 10 puntos, e o alumno deberá acadar un 60% dos contidos mínimos do currículo correspondente as dúas avaliaciós presenciais, para superar a materia. De non poder ser presencial a proba será online e de forma individual. A entrega dos traballos propostos para o verán será condición indispensable para superar o curso.</p>
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación: Os criterios de avaliación serán os mínimos contemplados na programación ordinaria para cada curso. Neste caso para cuarto da ESO. En aplicación da orde de 30 de setembro de 2004 sobre a avaliación de materias pendentes, confeccionamos uns contidos mínimos coa finalidade de adaptar a programación os pendentes da ESO. (nos métodos de traballo remitímonos á programación xeral do Departamento. No que atinxe ós criterios de avaliación guiáremonos polos expostos na mesma orde ademais de ter en conta a realización de tarefas, organización do material e participación.</p>
	<p>Criterios de cualificación: .A presentación das tarefas e das súas correccións eximirá da realización dunha proba escrita. De non acadar unha valoración positiva ou non ter presentado as tarefas durante o curso académico e na fecha tope que será a última semana de maio, deberá de presentarse á proba extraordinaria de Setembro, sempre que as condicións o permitan.</p>



Procedementos e instrumentos de avaliación:

Ferramentas común de avaliación competencial

1. Escala de observación do caderno
2. Rexistro de xestión e organización.
3. Rexistro do traballo diario.
4. Guión do portfolio.
5. Rúbrica de exposición oral.
6. Rúbrica de exposición con ferramentas dixitais.
7. Rúbrica de traballos escritos.
8. Tabla de búsqueda de información e fiabilidade das fontes.

Ferramentas específicas de Economía en 4.º curso da ESO

1. Rúbrica para avaliar ideas económicas básicas.
2. Rúbrica para avaliar economía e empresa.
3. Rúbrica para avaliar economía personal.
4. Rúbrica para avaliar economía e ingresos e gastos do Estado.
5. Rúbrica para avaliar economía e tipos de interés, inflación e desemprego.
6. Rúbrica para avaliar economía internacional.
7. Coavaliación da comprensión de conceptos claves.
8. Rexistros de avaliación de estándares de aprendizaxe



Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<p>As actividades son variadas, e propostas en función do alumnado: reforzo para uns e ampliación para outros. Partimos de recordatorios de coñecementos previos en cada videoconferencia e marcamos diversas actividades para que eles vaian traballando.</p> <p>As actividades propostas son de dificultade axeitada, adicando un tempo a comprensión do enunciado verbal , á busca da relación entre os datos dispoñibles, a aplicación de procedementos para a súa resolución e revisión e discusión da solución atopada.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>O alumnado de economía está todo localizado e con conectividade. Están ademáis nun grupo de whatsapp da clase e teñen habilitado o correo da plataforma.</p> <p>Plantexaremos un proceso de ensinanza-aprendizaxe eminentemente práctico de forma que se forme ao alumnado coas capacidades e coñecementos necesarios para que poida entender a realidade económica que nos rodea e ser crítico con ela.</p> <p>Teremos en conta as seguintes premisas:</p> <p>Relacionar o proceso de eninanza-aprendizaxe coa vida real, facilitando a construción de aprendizaxes significativos, relacionando o que saben xa, cos novos contidos.</p> <p>Favorecer a capacidade de aprender a aprender.</p> <p>Crear un clima de aceptación e cooperación.</p> <p>As estratexias metodolóxicas que podemos empregar, segundo os contidos serán as seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none">- Estratexias expositivas. Consisten na presentación ao alumnado de unha serie de coñecementos polo docente. A explicación realizase mediante a aportación de documentos e artigos de prensa, presentacións, exemplos, medios audiovisuais, nas videoconferencias.- Estratexias de indagación. Consiste en que o alumnado realice, coa guía do docente, a aprendizaxe pola súa conta. As técnicas didácticas concretas poden ser moi variadas, como: traballos de investigación, e a súa exposición oral ante o grupo; estudo de casos reais; debates sobre temas económicos de actualidade. <p>Partindo do traballo cos desempeños competenciais, obtendremos diversas evidencias de aprendizaxe vinculadas aos estándares que inclue o currículo. Para rexistralas, empregaremos portfolios económicos de aprendizaxe que serán planificadas para que amosen o nivel de consecución do estándar, así como a súa evolución. Cada unha delas debe incorporar unha reflexión añadida acerca do traballo feito, as dificultades encontradas e os obxectivos de mellora persoal.</p>



	<p>O documento porfolio pode realizarse en papel ou formato dixital e enviaranse por correo ou foto whatsapp.</p> <p>As evidencias que podemos recoller poden obterse a partir de:</p> <p>Actividades do libro do alumno Economía 4 ESO, editorial Edelvives</p> <p>Mapas mentais ou conceptuais elaborados polo alumnado.</p> <p>Tarefas escritas que evidencien o traballo cos estándares de aprendizaxe.</p> <p>Ferramentas de autoevaluación e coevaluación do traballo na casa.</p>
<p>Materiais e recursos</p>	<p>VIDEOCONFERENCIAS CONTIDOS EN PPT VÍDEOS TUTORIAIS LIBROS DIXITAIS. ACTIVIDADES E SOLUCIÓNS ACHEGADAS POLA PROFESORA. LIBRO DE TEXTO ECONOMÍA 4º ESO EDITORIAL EDELVIVES. PELÍCULAS E DOCUMENTAIS PRENSA. PÁXINAS WEB.</p>

<p align="center">Información e publicidade</p>	
<p>Información ao alumnado e ás familias</p>	<p>O alumnado é informado mediante teléfonos móbiles e plataforma Educamos, tanto das actividades como das horas das videoconferencias, os prazos das tarefas, etc.</p> <p>As comunicacións son semanais, agás cando hai un problema puntual que se resolve via telefónica ou correo electrónico nese mesmo día.</p>
<p>Publicidade</p>	<p>Publicación na páxina web do centro, nos grupos de whatsapp, na plataforma educamos e na app de abalar.</p>



Educación Financiera (2ºESO)

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles (3ªava 2ºESO)	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> B1.1. Administrar os recursos financeiros persoais de xeito responsable, para garantir a seguridade financeira ao longo da vida. 	<ul style="list-style-type: none"> EFNB1.1.1. Recoñece as fontes de renda persoal e describe os tipos de recursos financeiros.
	<ul style="list-style-type: none"> EFNB1.1.2. Procura alcanzar a seguridade financeira na concreción dos seus obxectivos financeiros persoais.
	<ul style="list-style-type: none"> EFNB1.1.3. Identifica os tipos de investimentos ao longo da vida das persoas.
<ul style="list-style-type: none"> B1.3. Xestionar a renda persoal, recoñecendo as súas orixes, os destinos alternativos e as necesidades que se deben cubrir en cada etapa da vida. 	<ul style="list-style-type: none"> EFNB1.3.1. Identifica as etapas que conducen á toma de decisión de consumo intelixente.
	<ul style="list-style-type: none"> EFNB1.3.2. Interpreta o significado de rendemento e risco en diversos contextos financeiros, e recoñece os beneficios da diversificación.
	<ul style="list-style-type: none"> EFNB1.3.3. Recoñece a dimensión temporal do consumo, e distíngueo do aforro e do investimento.
<ul style="list-style-type: none"> B1.4. Identificar os produtos de aforro, considerar as súas características e a súa tipoloxía, calcular o rendemento ofrecido e valorar a oportunidade de contratación. 	<ul style="list-style-type: none"> EFNB1.3.5. Identifica os motivos que conducen á decisión de aforrar.
	<ul style="list-style-type: none"> EFNB1.4.1. Recoñece as características dos tipos de depósitos e imposicións a prazo ofrecidas polas entidades bancarias.
<ul style="list-style-type: none"> B2.1. Planificar a vida financeira, clasificar os elementos integrantes dun orzamento persoal ou familiar, e identificar medidas de control que permitan non desviarse dos niveis orzados. 	<ul style="list-style-type: none"> EFNB1.4.2. Compara ofertas concretas de depósitos e imposicións a prazo mediante a consideración dos tipos efectivos de xuro aplicados.
	<ul style="list-style-type: none"> EFNB2.1.1. Valora o impacto da planificación e a importancia do aforro na vida de cadaquén.
<ul style="list-style-type: none"> B2.2. Determinar as necesidades de financiamento ao longo da vida, analizar as operacións de préstamo, diferenciando os tipos existentes en función das súas características e identificando os elementos integrantes, e avaliar a capacidade de 	<ul style="list-style-type: none"> EFNB2.1.2. Identifica e clasifica ingresos e gastos para elaborar un orzamento persoal e familiar.
	<ul style="list-style-type: none"> EFNB2.2.1. Recoñece as características e as diferenzas entre préstamos e pólizas de crédito.



endebedamento, garantindo a seguridade financeira	
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFNB2.2.4. Interpreta a diferenza entre o TXN e o TAE nas operacións de financiamento e entre os tipos de referencia oficiais para a determinación dos tipos de xuro aplicables.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFNB2.2.5. Valora a idoneidade de cada tipo de préstamo en función da finalidade, o importe e o prazo.



Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos: O alumnado recibirá semanalmente tarefas os xoves e serán entregadas ó xoves seguinte. As actividades son aportadas pola profesora trala explicación de cada unha delas e resolve-las dúbidas na videoconferencia.</p>
	<p>Instrumentos:</p> <p>Observación do traballo diario e das tarefas presentadas.</p> <p>Corrección das actividades individuais.</p> <p>Observación do comportamento, a actitude e a atención ás pautas que da a profesora.</p> <p>Organización do traballo diario. Puntualidade nas entregas.</p> <p>Participación activa nas tarefas.</p> <p>Actitude constructiva cara á materia.</p> <p>Interés e iniciativa na proposta de actividades, realización dos casos prácticos individuais, plantexamento das dúbidas.</p> <p>Curiosidade e ordena presentación das tarefas.</p>
Cualificación final	<p>A cualificación final virá dada pola NOTA BASE, que será a media ponderada das avaliacións. Esta nota poderá verse incrementada en 1.5 puntos, de cumprirse os seguintes requisitos referidos ás tarefas do terceiro trimestre:</p> <p>+ 0.5 tarefas entregadas completas en prazo.</p> <p>+0.5 calidade dos traballos.</p> <p>+0.5 actitude positiva cara á materia e atención ás pautas do profesorado</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>En setembro, sempre que sexa posible, realizarase unha proba escrita e global, que abarcará os contidos desenvolvidos durante os dous primeiros trimestres do curso. A proba puntuarase sobre 10 puntos, e o alumno deberá acadar un 60% dos contidos mínimos do currículo correspondente as dúas avaliacións presenciais, para superar a materia. De non poder ser presencial a proba será online e de forma individual. A entrega dos traballos propostos para o verán será condición indispensable para superar o curso.</p>
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación:</p> <p>Os criterios de avaliación serán os mínimos contemplados na programación ordinaria para cada curso. Neste caso para segundo da ESO. En aplicación da orde de 30 de setembro de 2004 sobre a avaliación de materias pendentes, confeccionamos uns contidos mínimos coa finalidade de adaptar a programación os pendentes da ESO. (nos métodos de traballo remitímonos á programación xeral do Departamento. No que atinxe ós criterios de avaliación guiarémonos polos expostos na mesma orde ademais de ter en conta a realización de tarefas, organización do material e participación.</p>
	<p>Criterios de cualificación:</p> <p>.A presentación das tarefas e das súas correccións eximirá da realización dunha proba escrita. De non acadar unha valoración positiva ou non ter presentado as tarefas durante o curso académico e na fecha tope que será a última semana de maio, deberá de presentarse á proba extraordinaria de Setembro, sempre que as condicións o permitan.</p>



Procedementos e instrumentos de avaliación:

Ferramentas común de avaliación competencial

1. Escala de observación do caderno
2. Rexistro de xestión e organización.
3. Rexistro do traballo diario.
4. Guion do portfolio.
5. Rúbrica de exposición oral.
6. Rúbrica de traballos escritos.
7. Rexistros de avaliación de estándares de aprendizaxe



Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades

As actividades son variadas, e propostas en función do alumnado: reforzo para uns e ampliación para outros. Partimos de recordatorios de coñecementos previos en cada videoconferencia e marcamos diversas actividades para que eles vaian traballando. As actividades propostas son de dificultade axeitada, adicando un tempo a comprensión do enunciado verbal, á busca da relación entre os datos dispoñibles, a aplicación de procedementos para a súa resolución e revisión e discusión da solución atopada.

Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)

O alumnado de segundo está todo localizado e con conectividade. Están ademais nun grupo de whatsapp da clase e teñen habilitado o correo da plataforma e edixgal.

Plantexaremos un proceso de ensinanza-aprendizaxe eminentemente práctico de forma que se forme ao alumnado coas capacidades e coñecementos necesarios para que poida entender a realidade económica que nos rodea e ser crítico con ela.

Teremos en conta as seguintes premisas:

Relacionar o proceso de ensinanza-aprendizaxe coa vida real, facilitando a construción de aprendizaxes significativos, relacionando o que saben xa, cos novos contidos.

	<p>Criterios de cualificación: A presentación das tarefas e das súas correccións, eximirá da realización dunha proba escrita: 50% entrega de tarefas e 50% calidade das tarefas</p>



	<p>entregadas. De non acadar unha valoración positiva ou non ter presentado as tarefas durante o curso académico e na fecha imposta por lei, que é a última semana de maio; deberá de presentarse á proba extraordinaria de setembro, sempre que as condicións o permitan.</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación: O alumnado recibirá de forma gradual as tarefas de recuperación da materia pendente, que serán entregadas tamén ao profesor (da mesma maneira que se viña actuando dende principio de curso). As actividades son deseñadas polo profesor dacordo cos mínimos da materia. <u>Instrumentos:</u> As tarefas puntualmente entregadas. A curiosidade e orde na presentación das tarefas. A corrección das actividades individuais. A actitude cara á materia e a atención ás pautas do profesor.</p>

Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>Prográmanse actividades, de repaso, reforzo e ampliación por sesións semanalmente e cunha data de entrega. As actividades propostas son de dificultade axeitada en función do alumnado. Celébranse videoconferencias (xeralmente unha á semana por materia e curso), nas que se explican contidos, resólvense dúbidas e corríxense tarefas. Polo que respecta ao alumnado con avaliacións suspensas, están a facer ademáis das mesmas actividades (pois ao repasar os contidos correspondentes á primeira e a segunda avaliación, sérvelles como traballo de recuperación), outras actividades de recuperación individuais aportadas polo profesor.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Afortunadamente todo o alumnado ten conectividade, aínda que algún, ao principio tiña dificultades, coa axuda do colexio (préstamo de tablets ou portátiles), solucionouse o problema. A metodoloxía cambiou de presencial a telemática. A proposta é unha metodoloxía activa, que favoreza a participación do alumnado; prográmanse as tarefas semanalmente, envíanse polos medios de comunicación dispoñibles e devólvense os comentarios e correccións pertinentes.</p>
Materiais e recursos	<p>Vídeoconferencias a través de CISCO WEBEX Vídeos tutoriais Actividades de reforzo e ampliación, xunto coas súas solucións aportadas pola profesora. Plataforma Educamos e correos corporativos da Xunta como medios para a comunicación co alumnado e as súas familias.</p>



Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	<p>O alumnado e as familias reciben a información a través da Plataforma Educamos e tamén dos correos corporativos da Xunta, incluso a maioría dos titores teñen coa súa titoría grupos de Whasapp por se nun momento puntual hai algunha complicación nas comunicacións, xa que este é un medio máis rápido e eficaz.</p> <p>Reciben a información tanto das actividades propostas como tarefa e os seus prazos de entrega, como dos horarios e información necesaria para unirse ás videoconferencias.</p>
Publicidade	<p>Publicación na Páxina Web do Centro, na Plataforma Educamos e na App de Abalar.</p>



Matemáticas Aplicadas (4ºESO)

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles		4ºESO
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	
· B2.1. Recoñecemento de números que non poden expresarse en forma de fracción. Números irracionais.	MAPB2.1.1. Recoñece os tipos de números (naturais, enteiros, racionais e irracionais), indica o criterio seguido para a súa identificación, e utilízalos para representar e interpretar axeitadamente a información cuantitativa.	
	MAPB2.1.2. Realiza os cálculos con eficacia, mediante cálculo mental, algoritmos de lapis e papel, calculadora ou ferramentas informáticas, e utiliza a notación máis axeitada para as operacións de suma, resta, produto, división e potenciación.	
	MAPB2.1.4. Utiliza a notación científica para representar e operar (produtos e divisións) con números moi grandes ou moi pequenos.	
	MAPB2.1.5. Compara, ordena, clasifica e representa os tipos de números reais, intervalos e semirectas, sobre a recta numérica.	
	MAPB2.1.6. Aplica porcentaxes á resolución de problemas cotiáns e financeiros, e valora o emprego de medios tecnolóxicos cando a complexidade dos datos o requira.	
	MAPB2.1.7. Resolve problemas da vida cotiá nos que interveñen magnitudes directa e inversamente proporcionais.	
	· B2.2. Diferenciación de números racionais e irracionais. Expresión decimal e representación na recta real.	MAPB2.2.1. Exprésase con eficacia, facendo uso da linguaxe alxébrica.
MAPB2.2.2. Realiza operacións de suma, resta, produto e división de polinomios, e utiliza identidades notables.		
MAPB2.2.3. Obtén as raíces dun polinomio e factorízao, mediante a aplicación da regra de Ruffini.		
B4.1. Interpretación dun fenómeno descrito mediante un enunciado, unha táboa, unha gráfica ou unha expresión analítica	MAPB4.1.1. Identifica e explica relacións entre magnitudes que se poden describir mediante unha relación funcional, asociando as gráficas coas súas correspondentes expresións alxébricas.	
	MAPB4.1.2. Explica e representa graficamente o modelo de relación entre dúas magnitudes para os casos de relación lineal e cuadrática,	
	MAPB4.1.3. Identifica, estima ou calcula elementos característicos destas funcións (cortes cos eixes, intervalos de crecemento e decrecemento, máximos e mínimos,	



	continuidade, simetrías e periodicidade).
	MAPB4.1.5. Analiza o crecemento ou o decrecemento dunha función mediante a taxa de variación media, calculada a partir da expresión alxébrica, unha táboa de valores ou da propia gráfica.
· B4.2. Estudo de modelos funcionais: lineal, cuadrático, proporcionalidade inversa e exponencial. Descrición das súas características, usando a linguaxe matemática apropiada. Aplicación en contextos reais.	MAPB4.2.1. Interpreta criticamente datos de táboas e gráficos sobre diversas situacións reais.
	MAPB4.2.2. Representa datos mediante táboas e gráficos, utilizando eixes e unidades axeitadas.
	MAPB4.2.3. Describe as características máis importantes que se extraen dunha gráfica e sinala os valores puntuais ou intervalos da variable que as determinan.
· B5.1. Análise crítica de táboas e gráficas estatísticas nos medios de comunicación e fontes públicas oficiais (IGE, INE, etc.).	MAPB5.1.4. Interpreta un estudo estatístico a partir de situacións concretas próximas.
· B5.2. Interpretación, análise e utilidade das medidas de centralización e dispersión.	MAPB5.2.1. Discrimina se os datos recollidos nun estudo estatístico corresponden a unha variable discreta ou continua.
	MAPB5.2.2. Elabora táboas de frecuencias a partir dos datos dun estudo estatístico, con variables discretas e continuas.
	MAPB5.2.3. Calcula os parámetros estatísticos (media aritmética, percorrido, desviación típica, cuartís, etc.), en variables discretas e continuas, coa axuda da calculadora ou dunha folla de cálculo.
	MAPB5.2.4. Representa graficamente datos estatísticos recollidos en táboas de frecuencias, mediante diagramas de barras e histogramas.
· B5.3. Comparación de distribucións mediante o uso conxunto de medidas de posición e dispersión.	MAPB5.3.1. Calcula a probabilidade de sucesos coa regra de Laplace e utiliza, especialmente, diagramas de árbore ou táboas de continxencia para o recuento de casos.



Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos: O alumnado recibirá semanalmente tarefas, que serán entregadas na semana seguinte, despois da videoconferencia. As actividades son aportadas pola profesora trala explicación de cada unha delas e resolve-las dúbidas.</p>
	<p>Instrumentos: Observación do traballo diario e das tarefas presentadas. Corrección das actividades individuais. Observación do comportamento, a actitude e a atención ás pautas que da a profesora. Organización do traballo diario. Puntualidade nas entregas. Participación activa nas tarefas. Actitude constructiva cara á materia. Interés e iniciativa na proposta de actividades, realización dos casos prácticos individuais, plantexamento das dúbidas. Curiosidade e orden na presentación das tarefas.</p>
Cualificación final	<p>A cualificación final virá dada pola NOTA BASE, que será a media ponderada das avaliaciós. Esta nota poderá verse incrementada en 1.5 puntos, de cumprirse os seguintes requisitos referidos ás tarefas do terceiro trimestre: + 0.5 tarefas entregadas completas en prazo. +0.5 calidade dos traballos. +0.5 actitude positiva cara á materia e atención ás pautas do profesorado.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>En setembro, sempre que sexa posible, realizarase unha proba escrita e global, que abarcará os contidos desenvolvidos durante os dous primeiros trimestres do curso. A proba puntuarase sobre 10 puntos, e o alumno deberá acadar un 60% dos contidos mínimos do currículo correspondente as dúas avaliaciós presenciais, para superar a materia. De non poder ser presencial a proba será online e de forma individual. A entrega dos traballos propostos para o verán será condición indispensable para superar o curso.</p>
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación: Os criterios de avaliación serán os mínimos contemplados na programación ordinaria para cada curso. Neste caso para terceiro da ESO. En aplicación da orde de 30 de setembro de 2004 sobre a avaliación de materias pendentes, confeccionamos uns contidos mínimos coa finalidade de adaptar a programación os pendentes da ESO. (nos métodos de traballo remitímonos á programación xeral do Departamento. No que atinxe ós criterios de avaliación guiáronos polos expostos na mesma orde ademais de ter en conta a realización de tarefas, organización do material e participación.</p>



Criterios de cualificación:

.A presentación das tarefas e das súas correccións eximirá da realización dunha proba escrita. De non acadar unha valoración positiva ou non ter presentado as tarefas durante o curso académico e na fecha tope que será a última semana de maio, deberá de presentarse á proba extraordinaria de Setembro, sempre que as condicións o permitan.

Procedementos e instrumentos de avaliación:

O alumnado recibirá semanalmente e de forma gradual as tarefas de recuperación da materia pendente, que serán entregadas tamén semanalmente, do mesmo xeito que se viña actuando desde principios de curso co alumnado con materias pendentes, que atendíamos cada martes.

As actividades son deseñadas pola profesora dacordo cos mínimos da materia. Serán actividades axeitadas e que requiran un nivel de desempeño acorde ao alumnado.

O alumnado recibirá a explicación de cada unha delas e poderá resolve-las dúbidas.

Instrumentos:

- Observación do traballo diario e das tarefas presentadas, tanto nesta cuarentena, como as xa presentadas nos dous primeiros trimestres.
- Corrección das actividades individuais.
- Observación do comportamento, a actitude e a atención ás pautas que da a profesora.
- Organización do traballo diario. Puntualidade nas entregas.
- Participación activa nas tarefas.
- Actitude constructiva cara á materia.
- Interés e iniciativa na proposta de actividades, realización dos casos prácticos individuais, plantexamento das dúbidas.
- Curiosidade e ordena presentación das tarefas.



Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>As actividades son variadas, e propostas en función do alumnado: reforzo para uns e ampliación para outros. Partimos de recordatorios de coñecementos previos en cada videoconferencia e marcamos diversas actividades para que eles vaian traballando.</p> <p>As actividades propostas son de dificultade axeitada, adicando un tempo a comprensión do enunciado verbal , á busca da relación entre os datos dispoñibles, a aplicación de procedementos para a súa resolución e revisión e discusión da solución atopada.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>O alumnado de matemáticas está todo localizado e con conectividade. Están ademáis nun grupo de whatsapp da clase e teñen habilitado o correo da plataforma.</p> <p>A metodoloxía proposta é unha metodoloxía activa, que favoreza a participación do alumnado, e que o faga protagonista do seu aprendizaxe.</p> <p>Considerarase o nivel de capacidade do alumno e estimularemos novos niveis de capacidade, non explorado ata o momento (autonomía, organización, colaboración co grupo e co profesorado, disposición para traballar e aprender, capacidade para buscar solucións ante as faltas ou déficits plantexados nesta situación,..)</p> <p>Promover o desenvolvemento das competencias básicas</p> <p>Establecer varios niveis de dificultade que permitan un diferente ritmo segundo os alumnos.</p>
Materiais e recursos	<p>VIDEOCONFERENCIAS CONTIDOS EN PPT VÍDEOS TUTORIAIS LIBROS DIXITAIS. CONTIDOS EDIXGAL PLATAFORMA AULA PLANETA E MATIC. ACTIVIDADES E SOLUCIÓNS ACHEGADAS POLA PROFESORA.</p>



Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	O alumnado é informado mediante teléfonos móbiles, plataforma Educamos e a plataforma Edixgal, tanto das actividades como das horas das videoconferencias, os prazos das tarefas, etc. As comunicacións son semanais, agás cando hai un problema puntual que se resolve vía telefónica ou correo electrónico nese mesmo día.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro, na plataforma educamos e na app de abalar.



Música (2º, 3º, e 4º ESO)

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles		2ºESO
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	
Apreciar o patrimonio musical galego	Valora e respecta a importancia do patrimonio musical galego	
Coñecer os instrumentos máis representativos da nosa música tradicional	Coñece e describe instrumentos tradicionais galegos	
Realizar traballos de documentación sobre a música tradicional galega	Utiliza de xeito guiado as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical. Popular galego	
Achegarse as diferentes manifestacións da música tradicional (cantos e danzas)	Coñece e describe algunhas das manifestacións máis representativas da música galega	
Desfrutar coa escoita de diferentes manifestacións musicais da cultura galega	Realiza audicións de música tradicional galega	
Identificar os diferentes parámetros do son	Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada	
Realizar correctamente a interpretación dos elementos dunha partitura musical	Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e ; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).	
Identificar e clasificar os instrumentos da orquestra sinfónica	Diferencia as sonoridades dos instrumentos da orquestra, así como a súa forma e os diferentes tipos de voces.	
Interpretar con frauta partiuras sinxelas	.Interpreta partituras diversas adaptadas ao su nivel	



Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Indagación e investigación sobre temas propostos polo profesor • Audición s • Interpretación de partituras con frauta • Resolución de problemas
	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Exercicios escritos • Traballos individuais e en grupo <p>Valoración directa do traballo realizado.</p> <p>Partituras musicais</p>
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: Realización dun traballo sobre a música tradicional galega seguindo as orientacións dadas polo profesor. A cualificación final será a nota media das tres avaliacións.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>O alumnado que non acade a cualificación necesaria para aprobar en xuño, realizará en setembro unha proba escrita sobre os contidos traballados no curso. Esta proba terá o valor do 100% da nota</p>
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación: Superar os contidos mínimos propostos para este curso.</p>
	<p>Criterios de cualificación:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Os alumnos que superen a materia do curso actual recuperarán automaticamente a de cursos anteriores. A profesora fará o seguimento do traballo e evolución dos alumnos. • No caso de non superar a materia do curso actual, farase unha proba cada avaliación dos contidos da materia non superada. • A nota da avaliación do presente curso será a mesma que a da materia pendente. • A proba extraordinaria consistirá nunha proba cun número por determinar de preguntas sobre os contidos da materia non superada.



Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Realización de actividades interactivas e exercicios escritos sobre os contidos a traballar. Audición de fragmentos relacionados co tema Realización dun traballo persoal sobre a música tradicional galega
Materiais e recursos	Caderno, fruta, Internet outros materiais facilitados pola profesora

Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	O alumnado e as familias recibirán a información a través da plataforma educativa do Centro.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.



Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
3º ESO	
Coñecer as orixes da música occidental: O Barroco	Enumera as características principais da música da época. Recoñece as principais formas musicais do período, distinguindo unhas doutras Recoñece os instrumentos característicos da época e as agrupacións Cita os principais compositores de cada período e as súas obras máis significativas
Coñecer as orixes da música popular urbana	Coñece as características da música popular urbana e as principais manifestacións: cuplé, copla, can-can.. Coñece as orixes e características do jazz
Coñecer a pluralidade de estilos na música actual e as características diferenciadoras	Enumera as características xerais da música moderna Coñece as orixes do rock e as súas variantes, segundo as décadas, e os principais intérpretes. Recoñece outros estilos de música moderna e os intérpretes máis destacados.
Escoitar e apreciar con crítica obras vocais e instrumentais de distintos estilos, xéneros, tendencias e culturas musicais, incluíndo as interpretacións e composicións	Escoita obras musicais dos períodos estudados e outras propostas pola profesora.
4º ESO	
Coñecer as orixes da música occidental: O Clasicismo	Enumera as características principais da música do Clasicismo Cita os principais compositores e as súas obras máis significativas.
Coñecer as características da música do s. XIX e os principais compositores e compositoras	Enumera as características da música romántica Cita os principais compositores/as e as súas obras máis significativas.
Coñecer as características da música de finais do s.XIX: Nacionalismo e Impresionismo	Coñecer as orixes da música Nacionalista e os principais intérpretes Coñecer a característica diferenciadora da música impresionista e o seu músico representativo.
Coñecer o vocabulario referente ós estilos musicais do s. XX: Dodecafonismo, Neoclasicismo e vangardas.	Coñecer a característica principal que diferenzan as obras neoclásicas e dodecafónicas Ter unha visión xeral das músicas de vangarda, dentro da música clásica.



Coñecer as formas musicais máis representativas de cada período: sonata e sinfonía, ópera romántica, pequenas formas instrumentais	Recoñece as principais formas musicais de cada período, distinguindo unhas doutras
Escoitar e apreciar con crítica obras vocais e instrumentais de distintos estilos, xéneros, tendencias e culturas musicais, incluíndo as interpretacións e composicións	Escoita obras musicais dos períodos estudados e outras propostas pola profesora.
	SO PRESENCIAL
Interpretar pezas musicais rítmicas e melodías	Interpreta obras rítmicas de percusión Le e Interpreta coa fruta (e/ou instrumentos de láminas) fragmentos musicais
Acompañar cancións coa guitarra	Interpreta coa guitarra as cancións traballadas e os diferentes ritmos



Avaliación e cualificación

Avaliación	Procedementos: Control do traballo do alumnado. Os referentes serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliábeis reformulados para a área. A avaliación do alumnado con necesidades educativas especiais terá como referente os criterios de avaliación establecidos nas propias adaptacións curriculares significativas.
	Instrumentos e criterios: <ul style="list-style-type: none">• Participación activa na actividade formativa a distancia entendendo a importancia de manter un hábito de traballo diario.• Presentación (Envío) das tarefas propostas (sempre dentro das posibilidades persoais de cada alumno e alumna) e facer as correccións necesarias, atendendo ás explicacións dadas.• Interese amosado polas actividades propostas.• Seguemento do traballo proposto e a entrega do traballo solicitado, no tempo marcado de xeito flexible, así coma o coidado amosado na realización do mesmo.• Non haberá probas de adquisición de contidos (agás en 4º ESO, debido á reincorporación ás clases presenciais, que poden facerse de xeito discrecional, se a profesora o considerara oportuno)
Cualificación final	Media da 1ª e 2ª avaliación máis a puntuación referida abaixo, se se deran as condicións de traballo requeridas: 0 (Insuficiente na 3ª Av.) 0,5 (Suficiente na 3ª Av.) 0,75 (Ben na 3ª Av.)



	<p>1 (Notable na 3ª Av.) 1,5 (Sobresaínte na 3ª Av.)</p> <p>Non se poderá baixar a nota media, aínda que o alumno non realizara ningunha actividade neste 3º trimestre. Si se poderá subir, en base á escala anterior e mesmo superar o curso.</p> <p>-No caso de alumnos con algunha avaliación suspensa, se neste trimestre non realizaron ningunha das actividades propostas nin amosaron interese polas mesmas, e a media non é suficiente, o resultado do curso non poderá ser positivo.</p>
Proba extraordinaria de setembro	Entrega de traballos
Alumnado de materia pendente	<p>Instrumentos de avaliación e criterios de cualificación:</p> <p>Entrega dos traballos encomendados polo profesor</p>



Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades

As actividades enviadas estarán relacionadas cos temas de Historia da Música que se estaban a traballar, profundizando máis neles e substituíndo ós temas prácticos, máis difíciles de poder ser traballados a distancia e de ter constancia, ó profesor, dese traballo.

-Os traballos, de temporalidade quincenal, inclúen material audiovisual e un cuestionario relativo ó tema a traballar.

-As actividades entregadas son corrixidas, avaliadas e reenviadas persoalmente a cada alumno, coas aclaracións pertinentes e as mensaxes de ánimo oportunas para valorar o traballo e dedicación ou fomentar este.

Lévase un rexistro das actividades entregadas e da valoración das mesmas.

Tamén se envían outras actividades informativas e opcionais que non deben ser entregadas nin avaliadas (concertos...) para fomentar o gusto pola música.

Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)

Dende o colexio confirmouse que a totalidade do alumnado ten algún dispositivo co que conectarse.

O profesorado puxo a disposición do alumnado diversas formas de comunicación (correo electrónico, teléfono, whatsapp...)

As actividades propostasson enviadas vía:

- Plataforma do colexio (Educamos).
- Correo electrónico
- Plataforma edu.xunta
- Teléfono persoal da profesora

Nesta materia, non se fará clase online; si se poderá enviar ó alumnado vídeos ou audios feitos pola profesora, se así o estima oportuno.



Materiais e recursos

Material audiovisual: Biografías e documentais de compositores

Enlaces varios Youtube sobre temas musicais

Programas *This is opera* de TVE

Programa *Cachitos de hierro y cromo* TVE

Vídeos explicativos de distintas canles: *Pablo' Flipped*

Classroom Javier Jiménez

Películas: *Mi nombre es Bach*

Coping Beethoven

Beethoven vive arriba

Amada inmortal

Selección de fragmentos musicais relacionados cos temas e épocas

-Outros materiais complementarios:

--Audiovisuais: Vídeos para celebrar o Día da Danza

Concertos online de Leopoldo Erice

Clase de guitarra en tiempos de aislamiento de Pancho

Varona (para o alumnado de 4.º ESO)

--Material elaborado polo profesor (documentos word)



Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.



Oratoria (1º ESO)

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles		1ºESO
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	
B2.2. Adaptar a creación e o deseño do discurso ás características do contexto comunicativo.	ORB2.2.1. Emprega nun texto estratexias comunicativas para captar a atención e a benevolencia da audiencia. ORB2.2.2. Planifica o discurso tendo en conta as características do modelo ó xénero elixido. ORB2.2.3. Deseña o discurso tendo en conta o tempo e a canle de comunicación da que dispón.	
B2.3. Identificar e manexar fontes documentais.	ORB2.3.1. Identifica as fontes das que pode obter información. ORB2.3.2. Selecciona as fontes documentais máis próximas e as súas propias vivencias para extraer contidos e ideas variadas relacionadas co tema do discurso.	
B2.4. Obter e organizar a información para afondar no coñecemento do tema do discurso, mediante a documentación e a investigación.	ORB2.4.1. Analiza de maneira crítica a información atopada e avalía a súa idoneidade para o obxectivo do seu discurso. ORB2.4.2. Organiza os datos para o seu tratamento facendo uso das técnicas de traballo intelectual.	
B2.5. Seleccionar as ideas máis axeitadas e organizalas nunha estrutura ordenada e eficaz.	ORB2.5.1. Selecciona as ideas combinando equilibradamente os contidos lóxicos cos emocionais, para construír unha proposta persoal e orixinal.	
B2.6. Empregar recursos propios da argumentación.	ORB2.6.1. Emprega con propiedade os recursos propios da argumentación.	
B2.7. Organizar as ideas nunha estrutura ordenada e eficaz.	ORB2.7.1. Organiza os contidos nunha estrutura clara e eficaz, na que se observa unha introdución, unha conclusión e un desenvolvemento coherente do corpo do discurso.	
B2.8. Redactar o discurso con corrección lingüística, creatividade e eficacia persuasiva.	ORB2.8.1. Redacta o discurso con coherencia, cohesión e corrección lingüística. Emprega recursos retóricos básicos de maneira orixinal e ao servizo da eficacia persuasiva.	
B2.9. Realizar o proceso de revisión do texto.	ORB2.9.2. Utiliza as TIC nos procesos de revisión da corrección ortográfica.	
B3.2. Memorizar o discurso deixando espazo para a improvisación e a espontaneidade.	ORB3.2.1. Presenta un texto aprendido sen perder a improvisación e a espontaneidade.	
B3.5. Pronunciar con corrección, claridade e expresividade.	ORB3.5.1. Pronuncia con corrección e claridade un texto de creación propia.	
B3.7. Utilizar programas informáticos e audiovisuais para o deseño de presentacións coa fin de potenciar o significado e a expresividade do discurso.	ORB3.7.1. Deseña presentacións con diapositivas sinxelas, claras e creativas, e emprega con moderación os recursos audiovisuais.	



Avaliación e cualificación

Avaliación	Procedementos: <ul style="list-style-type: none"> - Observación sistemática do traballo do alumnado utilizando os temas recollidos nos estándares de aprendizaxe. - Rexistro continuado dos traballos realizados polo alumnado.
	Instrumentos: <ul style="list-style-type: none"> - Presentación escrita da tarefa encargada. - Levarase a cabo unha presentación en formato dixital.
Cualificación final	A avaliación final das aprendizaxes do alumnado durante o curso 2019-2020 considerará en conxunto as avaliacións de todo o curso, valorando especialmente o grao de desenvolvemento das aprendizaxes e das competencias imprescindibles previamente definidas. Realizarase sobre as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres así como as actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores que se desenvolvan durante o terceiro trimestre sempre e cando se beneficie ao alumnado.
Proba extraordinaria de setembro	Presencial: Proba escrita dos contidos desenvolvidos durante as dúas primeiras avaliacións. Non presencial: proba telemática dos contidos desenvolvidos durante as dúas primeiras avaliacións ou entrega de traballos escritos.

Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	As actividades serán de repaso. <ul style="list-style-type: none"> - Presentación Power Point. - Gravación da presentación. Producción escrita e oral.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Tras un informe previo detectouse que a totalidade do alumnado ten acceso a unha conexión de internet. <ul style="list-style-type: none"> - Actividades mensuais - Contacto directo a través da plataforma do colexio, do correo electrónico e do teléfono. - Apoio á aprendizaxe.



Materiais e recursos	<p>Tras un informe previo detectouse que a totalidade do alumnado ten acceso a unha conexión de internet.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Ordenador - Acceso a Internet
-----------------------------	--

2. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<p>A información ás familias e ao alumnado será a través de:</p> <ul style="list-style-type: none"> - plataforma educativa do colexio. - correo electrónico. - Páxina web
Publicidade	<p>Publicación na páxina web do centro e redes sociais.</p>



Tecnología (2º, 3º, e 4ºESO)

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<p>MATERIALES DE USO TÉCNICO I: MADERA Y METALES</p> <p>Analizar las propiedades de los materiales utilizados en la construcción de objetos tecnológicos reconociendo su estructura interna y relacionándola con las propiedades que presentan y las modificaciones que se puedan producir.</p>	<p>I-identifica las propiedades de la madera y sus derivados y los metales (mecánicas, térmicas, eléctricas,...).</p> <p>-Valora el impacto ambiental de la extracción, uso y deshecho de la madera y sus derivados y los metales y propone medidas de consumo responsable de estos materiales técnicos.</p> <p>-Reconoce los materiales de los que están hechos objetos de uso habitual, relacionando sus aplicaciones con sus propiedades.</p>
<p>Manipular y mecanizar materiales convencionales asociando la documentación técnica al proceso de producción de un objeto, respetando sus características y empleando técnicas y herramientas adecuadas con especial atención a las normas de seguridad y salud.</p>	<p>-Elabora un plan de trabajo en el taller con especial atención a las normas de seguridad y salud.</p> <p>-Construye prototipos que den solución a un problema técnico siguiendo el plan de trabajo previsto</p> <p>-Manipula, respetando las normas de seguridad y salud en el trabajo, las herramientas del taller en operaciones básicas de mecanizado, unión y acabado de la madera y los metales.</p>
<p>MATERIALES DE USO TÉCNICO II: PLÁSTICOS, PÉTREOS, CERÁMICOS, Y NUEVOS MATERIALES</p> <p>Analizar las propiedades de los materiales utilizados en la construcción de objetos tecnológicos reconociendo su estructura interna y relacionándola con las propiedades que presentan y las modificaciones que se puedan producir.</p>	<p>Explica cómo se puede identificar las propiedades físicas, mecánicas y químicas de los materiales de uso técnico.</p> <p>Describe las características propias de los materiales de uso técnico comparando sus propiedades.</p> <p>Realiza una investigación sobre las propiedades y las aplicaciones de nuevos materiales exponiendo los resultados mediante soporte informático.</p> <p>Valora el impacto ambiental de la extracción, uso y deshecho de los plásticos y propone medidas de consumo responsable de productos y materiales técnicos.</p>
<p>Manipular y mecanizar materiales convencionales asociando la documentación técnica al proceso de producción de un objeto, respetando sus características y empleando técnicas y herramientas adecuadas con especial atención a las normas de seguridad y salud.</p>	<p>Identifica y manipula las herramientas del taller en operaciones básicas de conformado de los materiales de uso técnico.</p> <p>Elabora un plan de trabajo en el taller con especial atención a las normas de seguridad y salud.</p> <p>Construye prototipos que den solución a un problema técnico siguiendo el plan de trabajo</p>



	previsto y respetando las normas de seguridad y salud en el trabajo.
ESTRUCTURAS Analizar y describir los esfuerzos a los que están sometidas las estructuras experimentando en prototipos.	Identifica los esfuerzos característicos y la transmisión de los mismos en los elementos que configuran la estructura. Describe apoyándose en información escrita, audiovisual o digital, las características propias que configuran las tipologías de estructura.
ELECTRICIDAD Relacionar los efectos de la energía eléctrica y su capacidad de conversión en otras manifestaciones energéticas, analizando su consumo energético.	Explica los principales efectos de la corriente eléctrica y su conversión Utiliza las magnitudes eléctricas básicas. Realiza cálculos de potencia y energía de diferentes aparatos para obtener su consumo eléctrico valorando su eficiencia energética. Muestra sensibilidad ante el agotamiento de recursos y ante la necesidad de aplicar medidas de ahorro energético. Diseña utilizando simbología adecuada, y software específico, circuitos eléctricos básicos y experimenta con los elementos que lo configuran.
Diseñar y simular circuitos con simbología adecuada y montar circuitos con operadores elementales.	Respetar las normas de seguridad durante el montaje de circuitos eléctricos. Diseña y monta circuitos eléctricos básicos empleando bombillas, zumbadores, diodos led, motores, baterías, conectores, condensadores y resistencias.



Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos:</p> <p><u>Ordinaria</u></p> <p>1. Faranse dunha forma periódica probas escritas axustándose aos bloques temáticos que consideremos suficientemente traballados, estas probas irán encamiñadas a valorar os niveis obtidos sobre feitos, conceptos e procedementos. Poderán ser probas obxectivas, probas de interpretación de datos, probas de exposición teórica e probas de resolución de problemas. Os alumnos terán información previa sobre a valoración que cada cuestión terá no conxunto da proba. 3º trimestre</p> <p>2. Cando se lles encomende un traballo para realizar fora da aula daránselles as indicacións precisas para a súa elaboración, recollerase na data acordada e pasará a formar parte da información que o profesor ha de posuír para a avaliación e cualificación de cada un dos seus alumnos. 3º trimestre</p> <p>3. No caso de controis ou probas escritas non superadas favorablemente realizaranse novas probas de igual nivel de dificultade ás anteriores co fin de completar o proceso de ensino-aprendizaxe. 3º trimestre</p> <p>4. Para os alumnos que, de forma temporal, perdan a escolarización e asistencia a clase, encomendaránselles tarefas de xeito telemático para realizar durante esa ausencia ou privación. Devanditas tarefas serán presentadas, de forma periódica, para ser corrixidas polo profesor correspondente. 3º trimestre</p> <p><u>Extraordinaria</u></p> <p>Na última sesión de avaliación, valoraranse os resultados obtidos polo alumno ou a alumna no que constitúe a avaliación final ordinaria. Os alumnos e alumnas que como resultado da avaliación final ordinaria obtivesen cualificación negativa poderán realizar unha proba extraordinaria unha vez finalizadas as actividades lectivas ordinarias e nas datas e horarios que estableza o centro, no seu calendario final de curso. Terá carácter global e versará sobre aqueles aspectos básicos do currículo reflectidos nos contidos mínimos da programación didáctica do presente curso. Será a mesma para todos aqueles alumnos ou alumnas que concorran a devandita proba. Na sesión extraordinaria de avaliación, á vista dos resultados obtidos en devandita proba será necesario un mínimo de cinco (5) para obter cualificación positiva. Setembro</p>
	<p>Instrumentos:</p> <p>Instrumentos existentes para evaluar o proceso de ensino :</p> <ul style="list-style-type: none"> ● <u>Questionarios</u> - Aos alumnos. ● <u>Intercambios orais</u> - Entrevista con alumnos por videochamada , teléfono , ● <u>Probas.</u> ● <u>Questionarios orais e escritos.</u>
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Entrega das actividades asignadas na plataforma (3º trimestre). -Será a media das tres avaliacións. -No caso de que os resultados obtidos na terceira avaliación sexan negativos o alumnado disporá da convocatoria de setembro para acadar unha avaliación positiva.



<p align="center">Proba extraordinaria de setembro</p>	<p>Extraordinaria Na última sesión de avaliación, valoraranse os resultados obtidos polo alumno ou a alumna no que constitúe a avaliación final ordinaria. Os alumnos e alumnas que como resultado da avaliación final ordinaria obtivesen cualificación negativa poderán realizar unha proba extraordinaria unha vez finalizadas as actividades lectivas ordinarias e nas datas e horarios que estableza o centro, no seu calendario final de curso. Terá carácter global e versará sobre aqueles aspectos básicos do currículo reflectidos nos contidos mínimos da programación didáctica do presente curso. Será a mesma para todos aqueles alumnos ou alumnas que concorrán a devandita proba. Na sesión extraordinaria de avaliación, á vista dos resultados obtidos en devandita proba será necesario un mínimo de cinco (5) para obter cualificación positiva.</p>
<p align="center">Alumnado de materia pendente</p>	<p>Criterios de avaliación: Da propia materia durante o terceiro trimestre. Ó finalizar o terceiro trimestre aqueles alumnos con avaliación negativa na materia recibirán do profesor correspondente un plan de recuperación, no que se incluírán unhas pautas para poder preparar a materia de facer o exame extraordinario de setembro.</p> <p>Criterios de cualificación: Para avaliar un alumno teranse en conta os seguintes criterios: 1-Realización puntual das actividades do caderno de exercicios do alumno.. 2-Actitude durante o periodo do estado de alarma: atención ,interese, participación e traballo persoal. 3-Presentación e execución dos traballos pedidos polo mestre. 4-Resultados obtidos nos “exames” , “probos” , “ actividades” que periódicamente realícese ó longo do 3º trimestre. A cualificación de cada unha das probas darase cun número entre 0 e 10, que poderá levar decimais con intervalos de puntuación de 0,25. caso de facer máis dunha proba escrita no 3º trimestre , deberán estar todas elas cualificadas cunha nota igual ou superior a 5 , o caso contrario podería ser motivo de cualificación negativa no trimestre.</p> <p>Para a cualificación global no 3º trimestre teranse en conta os seguintes elementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • A cualificación numérica obtida das probas escritas, no modo establecido anteriormente. <p>5-Consecución de todos e cada un dos obxectivos propostos para o 3º trimestre Os alumnos que non alcancen, ó longo do 3º trimestre, os obxectivos , deberán realizar unhas probas ou exames de recuperación ou entrega dun traballo relativo a temática das Tecnoloxías . As citadas probas deberán ser superadas para promocionar ó curso seguinte coa cualificación de suficiente.</p> <p>Visto e lido todo o anterior ,os criterios de cualificación para a materia quedan cuantificados nos seguintes tantos por cen %, para o terceiro trimestre do ano 2020 por mor do Covid19</p> <p>*Nota media das dúas primeiras avaliacións mediante probas escritas (exames, controis, actividades,test,...) 70 % da nota final. *Realización e entrega, de novo ó mestre, de todas as actividades enviadas de xeito telemático durante o terceiro trimestre 30% da nota final</p> <p>Procedementos e instrumentos de avaliación: Realización de probas escritas,online,telemáticas,..... ao finalizar cada unidade e ao final do trimestre (3º trimestre)</p>



	<p>Rúbricas de avaliación (3º trimestre)</p> <p>Puntuación de corrección dos deberes durante todo o terceiro trimestre ,daquelas tarefas que se enviaron de xeito telemático pola plataforma do centro e foron devoltas polas familias por diversas canles (correos electrónicos, whatsapp , plataforma,....) 3º trimestre</p> <p>Rexistro de entrega de deberes e actividades no tempo axeitado .(tablas , excel , caderno do profesor,...) 3º trimestre</p>
--	--

Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>As actividades e tarefas asignadas durante este terceiro trimestre serán principalmente de repaso, recuperación e reforzo. Os alumnos con adaptación metodolóxica ou ACI, levarán a cabo tarefas acordes ao seu nivel.</p> <p>As actividades de ampliación están a ser asignadas a aquel alumnado que tiña todo aprobado a finais do segundo trimestre e co fin de profundizar un pouco máis na súa aprendizaxe.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Dado que a totalidade do alumnado ten posibilidade de acceso a internet e conta con dispositivos para o seu uso, estamos a utilizar as seguintes vías:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Plataforma do colexio (Educamos). - Correo electrónico dos mestres e alumnos - Whatsapp ou grupos de whatsapp de mestres e alumnos - Videochamada. (Cisco Webex para alumnado).
Materiais e recursos	<p>- Actividades enviadas por correo electrónico ou plataforma serían as seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Documentos de word, pdf, ou formatos similares. • Presentacións de diapositivas. • Elaboración de contidos en formato pptt. • Enlaces a webs, vídeos, etc.

Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Vía plataforma educativa do centro. (Educamos).
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.



Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles 3ºESO

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Identificar e describir as etapas necesarias para a creación dun produto tecnolóxico desde o seu deseño ata a súa comercialización, investigar a súa influencia na sociedade e propor melloras desde o punto de vista tanto da súa utilidade como do seu posible impacto social.	Deseña un prototipo que dá solución a un problema técnico, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.
